

**PROCESO PARA SELECCIÓN, MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, PARA A PROVISIÓN DUN FUNCIONARIO INTERINO DO GRUPO A, SUBGRUPO A2, PARA A EXECUCIÓN DO PROGRAMA DE CARÁCTER TEMPORAL E DURACIÓN DETERMINADA “TRAMITACIÓN OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2022”. (2023/E001/000003)**

Reunido o Tribunal do proceso selectivo arriba indicado, en data 23/03/2023, unha vez rematado o prazo previsto nas bases para a presentación de reclamacións contra os resultados provisionais do primeiro exercicio, para a resolución das mesmas, no prazo conferido ao efecto tense presentado unha única reclamación, que alega que debe de se anular a pregunta nº 53, na que figura como resposta correcta na plantilla de corrección a opción “D”, por canto alega son correctas as respostas marcadas como opcións “A”, “B” e “C”, debendo entrar, pois, en cómputo, a pregunta de reserva R1.

Examinado o artigo 37.1 do TREBEP, obxecto da pregunta, a alegación debe prosperar, por canto se ten omitido, no enunciado da pregunta, incluír a mención <<sinale a resposta incorrecta>>, que faría que a única resposta válida fose, efectivamente, a opción “D”, de tal xeito que, do teor literal da pregunta, resultan tres opcións de resposta correctas, polo que, ao se incumplir o disposto na Base 7.2, referida ao primeiro exercicio da fase de oposición, que esixe que das respostas alternativas <<só unha será válida>>, se debe anular a pregunta nº 53, entrando en cómputo a pregunta de reserva R1, segundo o previsto na mesma base <<As preguntas reserva deberán ser contestadas polos aspirantes e utilizaranse para substituír aquelas preguntas do exame inicial que, de ser o caso, fosen anuladas polo tribunal, previo acordo motivado ao respecto>>, reavaliándose, en consecuencia, todos os exercicios. Avaliados novamente, resultan as seguintes cualificacións definitivas:

CÓDIGO	Aspirante	Acertos	
HIJ123		44	15,72
AB789		44	15,72
XYZ123		50	17,86
PQR123		46	16,43
HIJ789		43	15,36
XYZ789		44	15,72
PQR789		48	17,14
ABC123		39	NON APTO

Polo que todos os aspirantes, presentados, agás o sinalado co código ABC123 teñen superado o primeiro exercicio da fase de oposición.

A apertura dos sobres para a atribución de identidades dos aspirantes realizarase mañá, venres día 24/03/2023, ás 10:45 horas, no Salón de Plenos da Casa do Concello, en sesión pública, por parte do Secretario do Tribunal, á que poderán asistir os aspirantes que así o desexen.

O Tribunal establece como **data de realización do segundo exercicio da fase de oposición o vindeiro luns, día 27 de marzo do 2023, ás 12:00 horas, no Salón de Plenos do Concello de Carballo, estando convocados os aspirantes que teñan superado o primeiro exercicio.** O Tribunal constituirase ás 10:00 h., a fin de confeccionar o exercicio. Os aspirantes poderán acudir asistidos dunha calculadora sinxela -non dotada de funcións científicas, nin se admitirán teléfonos móbiles ou dispositivos análogos-, pero non de textos legais.

O Secretario do Tribunal,  
Carlos Collazo Martínez  
Documento asinado electrónicamente na data que figura á marxe.